



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS DE ACCESO EXTRAORDINARIAS AOS ESTUDOS SUPERIORES DE GRAO.

De acordo co establecido no punto Quinto, letra e) da *Resolución do 3 de maio de 2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas de grao en Arte dramática para o curso 2011-2012* (DOG 13/05/2011) e no punto Sexto, letra e) da *Resolución do 3 de maio de 2011 da dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzas de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais para o curso 2011-2012* (DOG 19/05/2011), nos que se contempla a posibilidade de establecer un proceso extraordinario de acceso aos ditos Graos no mes de setembro, e tendo en conta que, unha vez finalizado o proceso ordinario de acceso do mes de xuño, quedaron prazas vacantes nos cupos establecidos nos ditos estudos, esta Dirección Xeral **RESOLVE**:

Autorizar a realización de probas extraordinarias de acceso ás ensinanzas de grao en Arte Dramática e grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais en convocatoria de setembro.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido nas correspondentes resolucións e serán administradas nas datas e polos tribunais que se indican nos anexos a esta instrución.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2011

O director xeral de Educación Formación Profesional e Innovación Educativa



José Luis Mira Lema



ANEXO I

Proba extraordinaria de acceso ao grao en Arte Dramática

Publicación das listas de candidatos/as admitidos/as: día 12 de setembro de 2011 na Escola Superior de Arte Dramática.

Primeiro exercicio: día 13 de setembro.
Reclamacións día: 14 de setembro.
Segundo exercicio: día 15 de setembro.
Reclamacións: día 16 de setembro.
Candidatos admitidos e matrícula: día 19 de setembro.

Tribunal para o primeiro exercicio. Común a todas as especialidades

Presidente: DAMIÁN ÁLVAREZ VILLALAÍN
Secretario: ALMUDENA PÉREZ DE OLIVEIRA
Vogais: CARMEN ABIZANDA LOSADA
INMACULADA LÓPEZ SILVA
ROBERTO PASCUAL RODRÍGUEZ

Tribunais para o segundo exercicio por especialidade. Dirección escénica e dramaturxia

Presidente: NÚRIA INGLADA CARDONA
Secretario: XAVIER CASTIÑEIRA BLANCO
Vogais: JOAN CHIRAL BAILACH
CARMEN LABELLA RIVAS
JULIÁN HERRERO MUÑOZ

Tribunais para o segundo exercicio por especialidade. Escenografía

Presidente: DAVID MORTOL MORENO
Secretaria: ALEJANDRA MONTEMAYOR SUÁREZ
Vogais: CARLOS JUSTO PINILLA TRUJILLO
MARÍA VIRGINIA BARROS ANGUEIRA
MARTA FILGUEIRA GARCÍA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 – Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



ANEXO II

Proba extraordinaria de acceso ao grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Publicación das listas de candidatos/as admitidos/as: día 12 de Setembro na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Exercicio: día 13 de setembro

Listado admitidos á Escola: 14 de setembro

Reclamacións: 15 de setembro

Tribunal único:

Presidente: GRANADOS MARÍN, JOSE

Secretaria: SANTIAGO CENDÁN, INMACULADA

Vogal: ARA POCEIRO, SUSANA